



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/10/2025 17:07:44  
Nº Rexistro: 37363  
Data envío: 20/10/2025 17:07:44.383

Asinado o día 20/10/25  
17:04  
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Aitor Bouza Manso** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de outubro o Partido Socialista de Ferrol denunciou publicamente as trabas impostas polo alcalde da cidade, José Manuel Rey Varela, á colocación dunha placa conmemorativa en homenaxe a Pablo Iglesias Posse, fundador do PSOE e da UGT e fillo predilecto de Ferrol.

A iniciativa, sufragada mediante achegas da militancia socialista, pretendía recuperar unha réplica da placa orixinal de Agustín López Miras colocada no antigo Concello en 1927, e posteriormente destruída tras o golpe de Estado de 1936. O Goberno municipal do Partido Popular tería formulado continuas obxeccións e limitacións, impedindo que a placa fose instalada nun espazo céntrico e digno da cidade, propoñendo en cambio unha localización afastada e sen visibilidade.

Estas actuacións son un acto de censura política e simbólica, que supón unha ofensa á memoria democrática e á figura dun ferrolán universal, referente da loita polos dereitos sociais, a igualdade e a xustiza.

A Lei de Memoria Democrática recoñece a obriga das administracións públicas de preservar, dignificar e divulgar a memoria das persoas e feitos que contribuíron ao progreso democrático. Entre estas obrigas inclúese a protección e promoción dos espazos e símbolos de memoria, así como a

Asinado o día 20/10/2025 ás  
17:04  
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 20/10/2025 ás  
17:04  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

28071 Madrid

CSV: REXPG-sKwYTB0GR-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/10/2025 17:07:44  
**Nº Rexistro: 37363**  
Data envío: 20/10/2025 17:07:44.383

colaboración institucional para garantir que ningún concello poña trabas inxustificadas a iniciativas deste tipo.

A actitude do Goberno municipal de Ferrol resulta, por tanto, contraria ao espírito e á letra da normativa vixente en materia de memoria democrática, e transmite unha mensaxe de exclusión ideolóxica incompatible cos valores constitucionais e co pluralismo político que deben inspirar a acción pública.

Resulta necesario que o Parlamento galego e a Xunta de Galicia se pronuncien ante esta situación e defendan o dereito da cidadanía e das entidades sociais a lembrar e homenaxear libremente figuras clave da nosa historia común.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manifestar publicamente o seu desacordo coa postura adoptada polo Concello de Ferrol en relación coa colocación da placa en memoria de Pablo Iglesias Posse.
2. Condenar as prácticas ou decisións institucionais que poidan supoñer un obstáculo ou unha censura simbólica a actos de recoñecemento e homenaxe vinculados á memoria democrática.
3. Dirixirse ante o Concello de Ferrol para demandar a instalación da placa de Pablo Iglesias Posse no lugar específico solicitado.

Santiago de Compostela, a 20 de outubro do 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/10/2025 17:04:40

Paloma Castro Rey na data 20/10/2025 17:04:47

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/10/2025 17:04:53



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 17:07:45



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/10/2025 17:07:44  
**Nº Rexistro: 37363**  
Data envío: 20/10/2025 17:07:44.383

CSV: REXPG-sKwYTB0GR-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

